



↑ A quimera (Alice Rohrwacher) ESTRÉA 19 DE ABRIL

# NUMAX PRESENTA:

**76 | ABRIL 2024**




Librería

## Libros sobre libros

“Papá: me heredaste una biblioteca y un enigma. En presencia de tus miles de libros, entre el derrumbe de lo construido, jalaste tu último aliento con una leve sonrisa en la boca, como si tras la guadaña te esperara la purificación más dulce. Yo que nunca juro, te hago un juramento: voy a tratar de entenderte, te voy a inventar para darte el entierro que no tuviste. Inician ahora nueve meses del luto de las palabras. Marguerite Yourcenar decía que una de las mejores maneras de conocer a alguien es a través de sus libros. Algo de verdad debe haber ahí”.

### *Dios fulmine a la que escriba sobre mí*

Aura García-Junco  
SEXTO PISO



### *Os libros que hai en min*

Emma Pedreira  
CUARTO DE INVERNO  
16,50 €



### *¿Hay alguien ahí?*

Peter Orner  
CHAI EDITORA  
21,00 €



### *Clásicos para la vida*

Nuccio Ordine  
ACANTILADO  
12 €



### *Sobre la lectura*

Marcel Proust  
CÁTEDRA  
9,95 €



### *No leer*

Alejandro Zambra  
ANAGRAMA  
19,90 €



## Presentacións | Abril 2024

**MÉRCORES 10 ÁS 19.30H**  
Presentación do libro *Verdade e acción. A certeza pragmática* (Euseino) de **Fernando González Gándara** xunto coa filósofa **Uxía Rivas** e o editor **Carlos Lema**.

**MÉRCORES 17 ÁS 20.30H**  
Presentación do libro *Doc Caribbean. Memoria viva del monopatín* (Colectivo Bruxista) de **Hugo Clemente** xunto co skater **Doc Caribbean**.



**VENRES 12 ÁS 19.00H**  
Presentación do poemario *Fuego la sed* (La Bella Varsovia) de **María Sánchez** xunto coa cantante **Faia Díaz**.

**XOVES 18 ÁS 20.30H**  
Presentación do poemario *Claustro corda comensal* de **Samuel Merino** xunto coa poeta **Arancha Nogueira**.

**XOVES 25 ÁS 20.30H**  
Presentación do libro *Non aparecen bicis* (Edicións Positivas) de **Suso López** xunto coa poeta **Lorena Souto**.



**A  
ALDEA  
DES-  
MEDID!**

Librería  
NUMAX  
11/04/24 | 20.30  
**Beatriz Busto**  
**Encarna Otero**

**01.**  
**A CIDADE**  
**LEMBRAD!**



**NUMAX**

Ma OS  
Disposición DA CONSERVACIÓN



# Cinema

**Filme  
do mes:**



## **A QUIMERA** ESTREA 19 ABR

**Alice Rohrwacher, 130', ITA, VOSE**

Con Josh O'Connor, Isabella Rossellini

Inesperado zahorí, Arthur ten o don de localizar ocos baixo a terra. Un atributo que o converte no perfecto buscador de tesouros na rexión italiana que alberga as ruínas da civilización etrusca. Aínda que o que Arthur anhelaría reencontrar, a quimera que o guía, é a Beniamina, o seu amor perdido.

Unha beleza inigualable palpita en cada fotograma desta fábula na que esa picaresca propia da cultura mediterránea convive coa procura da utopía. Nova alfaia de Alice Rohrwacher tras O país das marabillas (2014) e Lazzaro feliz (2018).

**🏆 Mellor Guión Cannes 2023**

**📅** 19 de abril: Presentación da escritora e xornalista Carmen Villar Alonso

## Estreas



### **PÁJAROS**

**ESTREA 5 ABR**

**Pau Durà, 100', ESP, VO, +12**

Con Luis Zahera, Javier Gutiérrez

Colombo traballa nun garaxe 24 horas e complementa o seu mísero soldo trapicheando con marihuana. Mario, un tipo peculiar e ornitólogo afeccionado, aparece inesperadamente e contrátalo de chófer para ir á Costa Brava a ver aves.

🏆 **Mellor Actor (Luis Zahera) Málaga 2024**



### **EL SALTO**

**ESTREA 12 ABR**

**Benito Zambrano, 90', VOSE, +12**

Moussa Sylla, Edith Martínez Val

Ibrahim chega a España desde Guinea Conakry e tanto a súa vida como a súa familia están en Madrid. Un día, tras ser detido, é deportado por carecer de permiso de residencia. Na tentativa de regresar a España, intálase nun campo de refuxiados.

🏆 **Sección Oficial Málaga 2024**



### **SANGUE NOS BEIZOS**

**ESTREA 12 ABR**

**Rose Glass, 104', ING, VOSE**

Con Kristen Stewart, Katy O'Brian

Lou, a solitaria directora dun ximnasio, namora perdidamente de Jackie, unha ambiciosa culturista que se dirixe a Las Vegas na busca do seu soño. Pero o seu amor prende a violencia, arrastrándoas na rede da familia criminal de Lou.

🏆 **Gala Especial Berlínale 2024**



### **+CUÑADOS ESTREA 19 ABR**

**Luis Avilés, 90', GAL, VO**

Con X. A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez Rey

O Entroido chegou e a familia Ribeiro prepárase para gozar das festas favoritas de todo bo ourensán. Uns días antes, un cadáver aparece xusto no medio da ponte internacional de Tui.



## SEMPRE NOS QUEDARÁ MAÑÁ

ESTREA 26 ABR

**Paola Cortellesi, 118', ITA, VOSE**

Con Paola Cortellesi, Valerio Mastandrea

É primavera e toda a familia está alborotada polo inminente compromiso da querida filla maior, Marcella, quen, pola súa banda, só espera casar axiña cun simpático mozo de clase media, Giulio, e librarse por fin desa incómoda familia.

🎬 **BCN Film Fest 2023**



## JOAN BAEZ I AM NOISE

ESTREA 26 ABR


**Navasky / O'Boyle / O'Connor, 109', ING, VOSE**

Con Joan Baez

Aos 20 anos, Joan Baez converteuse na raíña indiscutible da música folk. Foi unha das primeiras en recoñecer o talento de Bob Dylan e empregou a súa sona para loitar polos dereitos civís, a xustiza e contra a Guerra do Vietnam. O filme explora a vida de Baez mentres a artista se encontra de xira en 2018.

🎬 **Berlinale Panorama 2023**

## Os ollos verdes



## ALEMANIA PASES ÚNICO 1 E 8 ABR


**María Zanetti, 87', ESP, VO**

Con Maite Aguilar, Miranda de la Serna

Lola, unha adolescente de 16 anos, está preparando as asignaturas que ten que recuperar cando aparece a posibilidade de ir estudar un semestre en Alemaña. Ela quere viaxar, pero a súa familia, absorbida polo trastorno mental do seu irmán maior, non quere que faga a viaxe.

🎬 **Mellor Dirección e Guión en Cine Ceará 2023**

## Pases especiais



## CITA A CEGAS PASE ÚNICO 11 ABR

Desde o Cinema NUMAX organizamos unha cita a cegas co cinema na que non vas saber que vas ver até que comece a película.

## Cinema, rexistro vivo da nosa memoria



**i** Presenta M<sup>a</sup> Soliña Barreiro

### AS RUÍNAS DUN IMPERIO

**PASE ÚNICO 2 ABR**

**Fridrikh Ermler, 110', RUS, VOSE, 1929**

Con Emil Gal, Sergei Gerasimov

Un home regresa ao seu fogar dez anos despois da Revolución Rusa, tras perder a memoria durante a Primeira Guerra Mundial. Cando a recupera, non entende os cambios que pasaron no país. Os obreiros axudaránlle a entender que agora, baixo o poder soviético, eles son os donos da fábrica e da súa propia vida.



**i** Presenta Julio Vilarriño

### A CARPA DE CIRCO

**PASE ÚNICO 9 ABR**

**Aravindan Govindan, 129', HI, VOSE, 1978**

Con Bharath Gopi, Nedumudi Venu

A chegada dunha compañía de circo ambulante nunha bucólica aldea desencadea unha serie de efectos. Ao estilo cinema-vérité, Aravindan formou unha troupe de verdadeiros artistas circenses e viaxou con eles ata o pobo de Thirunavaya nas marxes do río Bharathapuzha.



**i** Presenta Iván Villarrea

### BUSHMAN

**PASE ÚNICO 16 ABR**

**David Schickele, 73', ING, VOSE, 1971**

Con Paul Eyam Nzie Okpokam

1968. Martin Luther King, Robert Kennedy e Bobby Hutton, entre outros, faleceron recentemente. En Nixeria, a guerra civil entra no seu segundo ano sen final á vista. En San Francisco, as aventuras de Gabriel, un mozo nixeriano, reflicten as friccións tribais, persoais e raciais durante os convulsos anos sesenta.



**i** Presentan Marta Pérez Pereiro e Carolina Cappa

### CURTAMETRAXES JOSÉ ERNESTO DÍAZ NORIEGA

**PASE ÚNICO 25 ABR**

**José Ernesto Díaz Noriega, 70', VO, 1935-1974**

Selección de curtametraxes do gran cineasta amateur JEDN, desde as súas pezas domésticas e diarios de guerra na década dos 30, até os lúdicos e irónicos filmes dos 70. As pezas foron recentemente restauradas pola Elías Querrejeta Zine Eskola, a Filmoteca de Galicia e a Filmoteca Española.

---

## Foco Alice Rohrwacher



### O PAÍS DAS MARABILLAS

**PASE ÚNICO 18 ABR**

**Alice Rohrwacher, 110', ITA, VOSE, 2014**

Con Adriano Tardiolo, Alba Rohrwacher

Gelsomina vive cos seus pais e as súas tres irmás nunha mísera granxa de Umbria, Italia, onde producen mel. As rapazas medran á marxe da sociedade, pois o seu pai, que cre que se aproxima a fin do mundo, prefere que estean en contacto coa natureza.

🏆 **Gran Premio do Xurado Cannes 2014**



### LAZZARO FELIZ

**PASE ÚNICO 25 ABR**

**Alice Rohrwacher, 125', ITA, VOSE, 2018**


Con Maria Alexandra, Alba Rohrwacher

Lazzaro, un rapaz labrego de excepcional bondade, vive en La Inviolata, unha aldea que ficou afastada do mundo e é controlada pola Marquesa Alfonsina de Luna. Alí, a vida dos campesiños non mudou nada, son explotados e, á súa vez, abusan da bondade de Lazzaro.

🏆 **Mellor Guión Cannes 2018**

---

## Tempada de arte



### TIZIANO: O IMPERIO DA COR

**PASES ÚNICOS 15 E 17 ABR**

**Laura Chiossone / Giulio Boato, 87', ING, VOSE**

Documental que indaga na figura e a arte de Tiziano Vecellio di Gregorio, un dos maiores expoñentes da escola veneciana en pleno Renacemento Italiano. Durante a súa longa carreira o seu estilo mudou acotío pero sempre se caracterizou polo uso da cor vívida e luminosa, cunhas modulacións cromáticas sen precedentes.





---




# NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo  
Santiago de Compostela  
[www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

**AAAAAA** Agencia  
**GGGGGG** Gráfica

   Síguenos en @numaxcoop

---